



Guía Docente			
Datos Identificativos			2016/17
Asignatura (*)	Lingua Inglesa 4	Código	613G03019
Titulación			
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria
Idioma	Inglés		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Filoloxía Inglesa		
Coordinación	Nuñez Puente, Carolina	Correo electrónico	c.nunez@udc.es
Profesorado	Nuñez Puente, Carolina	Correo electrónico	c.nunez@udc.es
Web	www.udc.es		
Descripción xeral	Esta materia amplía a formación básica na descripción da lingua inglesa e a teoría e práctica do inglés. O obxectivo xeral é chegar ao nivel C1 de CEF.		

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Competencia lectora: comprender unha variedade de textos auténticos procedentes da prensa, obras de ficción, documentos, materiais de promoción ou de publicidade.			A1 B3 C2 A2 B4 C3 A6 B5 C4 A8 B6 C5 A11 B7 C6 A15 B8 C7 B10
Escritura: saber redactar un artigo, un ensaio, textos informativos, propostas, queixas, informes e recensións.			A4 B1 C2 A6 B3 C3 A9 B4 C4 A10 B5 C5 A11 B6 C6 A12 B7 C7 B8 B10
Comprensión auditiva: comprender distintos tipos de discurso auténtico; monólogos, avisos, programas de radio e televisión, relatorios, anécdotas, interaccións entre varios falantes á vez, entrevistas, debates			A2 B8 C1 A6 B9 C2 A10 B10 C3 A11 C7 C8
Competencias orais: saber desenvolverse oralmente con falantes nativos e non nativos; proporcionar información, expresar e xustificar opiniós, realizar comentarios axeitados, expresar acordo e desacordo, comparar, describir e especular. En resumo, os alumnos deben ser capaces de levar a cabo a comunicación eficaz, e de responder plenamente aos estímulos orais.			A5 B4 C2 A6 B5 C4 A15 B6 C5 A21 B8 C7 B10 C8



Lingua e uso: posuir un vocabulario xeral amplio; coñecer frases e colocacións comúns, matices, verbos con partícula, modos de enlazar oracións; realizar transformacións gramaticais con soltura	A6 A8	B4 B5 B7 B8	C2 C4 C5 C6 C7 C8
---	----------	----------------------	----------------------------------

Contidos		
Temas	Subtemas	
-ESCRIBIR: Como escribir tanto un ensaio argumentativo coma un ensaio de investigación en estilo MLA	Que é o estilo de escritura MLA? Estilo e rexistro; linguaxe formal e informal; connotación e denotación; post-estruturalismo e oposición binaria; puntuación; parágrafo; conectores; o ensaio (e.g. o argumentativo e o de investigación); título; introdución; (hipótesis vs. tema; corpo; conclusión; fontes de información (web e imprimidas); lista de obras citadas; as citas no corpo do texto; plaxio; notas ao pé e ao final	
-LER: Como facer exercicios de comprensión lectora	Que é o pensamento crítico? Diferentes niveis de comprensión dun texto; gramática; vocabulario; estrutura; figuras retóricas; historia e trama; temas; caracterización; inferencia; dedución; análise; alcance e repercusión; significado e interpretación; conclusóns; etc.	
-FALAR: Como falar en público; como facer unha presentación oral; como participar nun debate; como comportarse nunha entrevista de traballo	Tipos de discursos; consejos para loitar contra o medo escénico; uso de pausas, entoación e ritmo na oralidade; linguaxe corporal; cohesión e coherencia; convencer e persuadir; etc. Os debates de clase estarán relacionados con temas relevantes tales como: arte, capitalismo, discriminación, educación, emigración, medios de comunicación e sexualidade entre outros.	
-GRAMÁTICA E VOCABULARIO: Repaso e consolidación de formación e uso de palabras, como tamén de estruturas gramaticais importantes.	Linguaxe formal e académica, formación de palabras, oracións condicionais, verbos modais, verbos con partículas, concordancia substantivo-verbo, artigo the, etc.	
-ESCOITAR: Gravacións audiovisuais en torno á gramática e as entrevistas de traballo	Os exercicios auditivos estarán relacionados coa gramática vista en clase. Os/ás estudiantes tamén traballaredes con entrevistas de traballo e practicaredes para o exame audio-oral.	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A5 A6 A10 A11 A15 A21 B1 C7 C8	25	25	50
Seminario	A8 A12 B4 B7	12	5	17
Traballos tutelados	B6 B9 C2 C3 C6	4	8	12
Presentación oral	B10 C1	0.5	12	12.5
Obradoiro	B5 B8 C4	23	23	46
Proba de resposta breve	A9 A10 C2	1	3	4
Proba mixta	A1 A2 A4 A9 B3 C5	2.5	4	6.5
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción



Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Esta sesión completarase con discusiones dirixidas.
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema ou dunha lectura. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudiantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais).
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado expón traballos.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas prácticas.
Proba de resposta breve	Proba obxectiva dirixida a provocar o recordo dunha aprendizaxe presentada. Preséntase un enunciado en forma de pregunta para responder cunha frase específica, palabra, cifra ou símbolo.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de respuesta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Estamos a disposición dos/as estudiantes nos nosos despachos nas horas de tutoría, como tamén a través do teléfono e o correo electrónico.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Seminario	A8 A12 B4 B7	(GRUPOS MEDIANOS con coordinadora): dedicaremos parte destes grupos de exercer a comprensión da lectura de textos curtos que serán colgados en Moodle. Os/as estudiantes deben ler estes textos de antelación, e tamén preparar exercicios Moodle, que serán corrixidos na clase e verificados pola profesora ao longo do curso . Os/as alumnos/as que fagan un traballo individual voluntario poderán ter unha puntuación EXTRA sobre a nota global (ver observacións).	0



Proba mixta	A1 A2 A4 A9 B3 C5	<p>As partes do exame organizaranse como segue:</p> <p>-EXAME DE LECTURA con coordinadora (15%): Esta parte consiste nunha proba de comprensión lectora das LECTURAS OBRIGATORIAS LONGAS, que estarán en MOODLE, e que son distintas dos textos breves tratados nos seminarios. As devanditas LECTURAS LONGAS serán explicadas na sesión de grupo grande o penúltimo día de clase.</p> <p>-EXAME DE ESCRITURA con coordinadora (20%): Teredes que escribir un ensaio argumentativo sobre un tema relevante fixado pola profesora que non foi debatido na clase; este ensaio poñerá a proba as vosas habilidades tanto coa gramática e o vocabulario coma coa escritura tipo MLA. Así pois, debe ter: título, introdución (hipó)tesis, corpo e conclusión.</p> <p>-EXAME AUDIO-ORAL con lector/a (15%): Entrevista de traballo (en rexistro formal) seguindo as directrices explicadas e practicadas en clase, como tamén os modelos e consellos publicados en Moodle.</p>	50
Sesión maxistral	A1 A5 A6 A10 A11 A15 A21 B1 C7 C8	<p>(GRUPOS GRANDES con coordinadora): As clases consistirán en leccións teóricas e práctica tanto oral coma escrita. Antes de vir a clase, os/ás estudiantes terán que ler NOTICIAS ou ver VÍDEOS que colgaremos en Moodle. Unha vez alí, DEBATERÁN sobre estas noticias/vídeos, organizaranse en grupos e ESCRIBIRÁN un ensaio argumentativo derivado do debate. Os devanditos ensaios serán corridos pola profesora e devoltos aos seus autores/ás ao longo do curso. Completaremos a práctica da gramática, o vocabulario e a escritura académica con algún XOGO.</p> <p>Os/as alumnos/as que fagan unha presentación individual voluntaria terán a posibilidade de recibir unha puntuación EXTRA sobre a nota final (ver observacións).</p>	0
Presentación oral	B10 C1	<p>A presentación consiste en facer un VÍDEO-PROXECTO entre 5 e 10 persoas cuxo contido sexa un ANUNCIO ou PROGRAMA para VENDER un PRODUTO ou MÉTODO. Mentre falan, os/as estudiantes teredes prohibido ler de calquera tipo de notas. Teredes que preparar o GUIÓN, gravar o VÍDEO e colgalo; o resto das pautas serán explicadas pola coordinadora.</p> <p>Naturalmente, íntase o alumnado a que use as titorías ao longo do cuadrimestre para consultar as súas dúbidas sobre este proxecto.</p>	10
Traballos tutelados	B6 B9 C2 C3 C6	<p>Teredes que facer un traballo PARA O/A LECTOR/A que consta de dúas partes:</p> <p>(1) unha carta de motivación (2) un CV profesional</p> <p>O/a lector/a explicará as pautas necesarias para facer o traballo en clase, en Moodle e nas titorías do despacho.</p>	20
Obradoiro	B5 B8 C4	<p>(GRUPOS MEDIANOS E PEQUENOS con lector/a): En parte dos grupos medianos e en todos os talleres, practicaredes as vosas habilidades para falar, escutar e traballar coa gramática. Prestarase especial atención a cómo realizar un CV e unha entrevistas de traballo. En ocasións, teredes que facer tarefas baseadas en material que estará en MOODLE.</p> <p>Aqueles/as estudiantes que amosen unha participación realmente extraordinaria nas aulas serán eximidos/as de realizar a proba audio-oral.</p>	0



Proba de resposta breve	A9 A10 C2	Cara ao final do cuadrimestre, faredes un exercicio na clase da coordinadora. O exercicio avaliará a continuidade con que adquiristes os coñecementos teóricos e se sodes capaces de aplicalos á práctica.	20
Outros			

Observacións avaliación

- Para poder superar a materia, hai que sacar polo menos un 5 (sobre 10) no TRABALLO TUTELADO, a PROBA DE RESPOSTA BREVE e os EXAMES e polo menos un 5 (sobre 10) na NOTA FINAL.
- Os traballos ten que entregarse en tempo e forma. Só aceptaranse entregas con atraso única e exclusivamente se hai unha causa debidamente xustificada (p. ex. cun xustificante médico).
- Os traballos que mostren signos de plaxio serán cualificados cun 0.
- O traballo voluntario dos/as alumnos/as cualificarase engadindo unha porcentaxe EXTRA sobre a nota final como segue: I) PRESENTACIÓN ORAL INDIVIDUAL: farase en clase da coordinadora nun evento chamado Talent Show--os detalles serán explicados en clase (+0.5). II) ENSAIO DE INVESTIGACIÓN INDIVIDUAL sobre unha (ou dous) das LECTURAS LONGAS (+0.5); o alumnado interesado nesta tarefa terá que dicirmo ao comezo do curso; fixarei TRES ENTREVISTAS convosco no meu despacho ao longo do cuadrimestre para discutir sobre o desenvolvemento do voso traballo. Os ensaios que non fosen supervisados por min desta forma non serán aceptados. Obviamente, devandita porcentaxe extra engadirase á nota final a condición de que esta sexa igual ou superior a 5.
- En caso de folga de profesores/ás en días de clase, se fose necesario, os/as docentes dotarán aos/ás estudiantes de material didáctico a través de Moodle. En caso de folga de alumnos/as, os/as docentes poderían pedilos aos/ás estudiantes a entrega de exercicios con que substituír o traballo dese/vos día/s.
- Xa sexa na primeira ou a segunda oportunidade, os/as estudiantes que non vingan ao exame serán cualificados/ás como Non presentados/ás.
- Para a oportunidade de XULLO, haberá 1 traballo tutelado, 1 proba de respuesta breve e 3 probas de examen obligatorias ao igual que en xuño. Ao non haber clases, a presentación oral / ou vídeo-proxecto opcional poderá ser individual.
- Quen teña concedida a dispensa académica, e como establece a Normativa de permanencia da universidade, será avaliado seguindo os criterios aplicables á oportunidade de xullo.
- Os/As estudiantes que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.

Fontes de información



Bibliografía básica	BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA Collins COBUILD Advanced Dictionary of English. London: Collins ELT, 2012. Print.Collins COBUILD Students? Dictionary plus Grammar (Book & CD). London: Collins ELT, 2005. Print.Cunningham, Gillie, Jan Bell, and Theresa Clementson. Face2face Advanced. Student?s Book and DVD Rom. Cambridge: CUP, 2013. PrintDownes, Colm. Cambridge English for Job Hunting. Cambridge: CUP, 2008. Print.Hewings, Martin. Advanced Grammar in Use: a Self-study Reference and Practice Book for Advanced Learners of English; with Answers and CD-ROM. Cambridge: CUP, 2013. Print---. Cambridge Grammar for CAE and Proficiency with Answers and Audio CDs. Cambridge: CUP, 2009. Print.Hopkins, Diana, and Pauline Cullens. Cambridge Grammar for IELTS with Answers: a Self-study Grammar Reference and Practice. Cambridge: CUP, 2007. Print.OED. Oxford English Dictionary. OUP. Web. 1 July 2014. Swan, Michael. Practical English Usage. Oxford: OUP, 1996. Print.The Purdue OWL Family of Sites. The Writing Lab and OWL at Purdue and Purdue U, 2008. Web. 1 July 2014. Vince, Michael. Advanced Language Practice: English Grammar and Vocabulary. Oxford: Macmillan, 2009. Print.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías